3. Atender as necesidades dos titores e as titoras dos centros de traballo e dos centros educativos no desenvolvemento das súas funcións.
4. Divulgar a FP dual entre o alumnado doutros niveis educativos, para o que contarán coa colaboración dos centros nos que se imparten estas ensinanzas, co fin de favorecer a orientación vocacional e profesional.
5. Asesorar a todos os actores participantes nos proxectos de FP dual de cara á realización dunha xestión de calidade.
6. Poderá formar e informar a eses actores e realizar outras actuacións relacionadas coa FP dual.

Por outra banda, a Resolución á que se fai referencia e no seu apartado 6º establecía un prazo de cinco días hábiles para a presentación das solicitudes por parte dos centros interesados.



Posteriormente, publicouse a resolución que dá publicidade dos centros seleccionados; esa resolución ten data do 9 de abril de 2019 o que supón un fito na capacidade para desenvolver un procedemento experimental no que están implicados os centros, o profesorado e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa: 17 días para todo o procedemento.

Resultaron seleccionados 46 centros: 20 de A Coruña, 7 de Lugo, 7 de Ourense e 12 de Pontevedra e tamén se establece que as persoas responsables da dinamización da FP dual nomeadas desenvolverán as súas funcións desde o día seguinte á publicación desta resolución ata o 31/12/2019 sempre e cando manteñan o seu destino no centro.

Ambas resolucións establecen determinacións novidasas e algunhas que mesmo duplican funcións, polo menos nunha primeira lectura, con figuras que xa están creadas na normativa como por exemplo a persoa coordinadora da formación en centros de traballo (FCT) e a súa relación coas persoas titoras.

Ademais, se establece que as persoas responsables da dinamización da FP dual terán dedicación completa e exclusiva para o desenvolvemento das súas funcións, o que supón que as 46 persoas seleccionadas, e desde o día 10 de abril de 2019, se dedican en exclusiva ás tarefas que teñen encomendadas como dinamizadores da formación profesional dual. O anterior supón un custo mínimo anual de entre 1.330.320 € e 1.441.128 €, que se corresponden coas retribucións dese profesorado (os 46 seleccionados) segundo a súa pertenza aos grupos A2 ou A1, e nos que non se computaron nin trienios, nin sexenios nin pagas extras en ningún caso. Falamos, polo tanto, dunha medida que dista moito de ser gratuíta e que supera en redución horaria a todo o establecido ata este momento para o desempeño de responsabilidades nos centros.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que xustifica a creación da Rede galega de dinamización da FP dual?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2019 12:36:46





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 12:40:16
Nº Rexistro: 49344
Data envío: 23/04/2019 12:40:16.419

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/04/2019 12:36:56

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG5wtUVg1m1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

A falta de ratificación do acordo de pesca entre España e a república Portuguesa, permite hoxe actuar para evitar discriminacións para a frota galega; este acordo publicado no Boletín das Cortes o 2018 debe ser modificado para evitar a situación de agravio entre determinados segmentos de frota galega e portuguesa (arrastre), xa que logo o acordo nas súas medidas técnicas recolleitas no Apartado I unicamente prohibe a pesca en fin de semana ás frots do Certo, permitindo que o arrastre portugués poda traballar as fins de semana, provocando unha competencia desleal inaceptable para a nosa frota, que vería como a mercancía portuguesa está a venda en Galicia os luns, cando eles aínda comezan a faenar.

O paro en fin de semana é un avance en termos de conservación dos stocks das especies que se capturan nas costas atlánticas ademais dunha mellora das condicións laborais dos nosos mariñeiros, a súa desaparición provoca unha desvantaxe económica e laboral e provocará como xa o fixo a deslocalización de empresas pesqueiras ao norte de Portugal.

Por todo o exposto as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar esta situación de agravio para a frota galega?





Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Paula Quinteiro Araujo
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 23/04/2019 18:14:43

Paula Quinteiro Araújo na data 23/04/2019 18:14:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A falta de espazos onde esperar con tranquilidade e comodidade é unha das moitas materias pendentes que ten a Xunta de Galicia respecto á atención das mulleres que foron vítimas de violencias machistas. Nalgúns xulgados galegos búscanse recunchos destinados a outras tarefas para acubillar ás vítimas, sen as condicións que deberan ter.

É o caso do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, que carece dun espazo digno para darlles comodidade e anonimato ás mulleres que deciden interpor unha denuncia . O arquivo da sección civil, ao límite da súa capacidade, é o único espazo habilitado como dependencia para acubillar ás vítimas de violencia machista que van denunciar.

A sala na que agardan horas estas mulleres no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro dispón dun mobiliario escaso, nun espazo que ten problemas de humidade e moi reducido por mor dos centos de arquivos acumulados ao seu redor. Sen apenas intimidade, xa que os funcionarios entran e saen con frecuencia, todos os días, para buscar documentación sobre os casos máis recentes.

Estas mulleres precisan dispor dun espazo propio que lles ofrezca anonimato, para evitar a súa exposición pública nos corredores do xulgado e para impedir que se





poidan ver intimidadas polo seu agresor, dado que os trámites xudiciais realízanse en unión de acto -débesse citar aos dous implicados- é existe o risco de que se crucen no edificio.

Estas mulleres teñen o dereito a estar tranquilas e acompañadas dos seus familiares, o máis cómodas posibles.

A tramitación dunha denuncia pode levar tres ou catro horas polo que resulta de sentido común que se habilite un espazo con mellores condicións de comodidade e salubridade.

O 4 de novembro do 2015, o pleno de Viveiro acordou a cesión gratuíta de varios locais de titularidade municipal do inmovible situado na rúa Alonso Pérez 50, anexo aos xulgados e cunha superficie total de 767,52 metros cadrados para a ampliación e mellora das instalacións dos xulgados de Viveiro. O traslado dos documentos ao edificio anexo permitiría que a sala, unha vez rehabilitada, fose un lugar propicio para acubillar ás vítimas. Este acordo foi remitido á consellería en decembro do 2015, estando a día de hoxe á espera de recibir a comunicación correspondente para poder formalizar a cesión.

Polo exposto, preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Vai proceder a Xunta de Galicia a mellorar as condicións da sala de agarda para as vítimas de violencia de xénero do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo





Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/04/2019 13:10:25

Marcos Cal Ogando na data 24/04/2019 13:10:34



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O día 5 de maio de 2015, o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei pola que se instaba a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado o traspaso das competencias en materia de sanidade penitenciaria para a súa asunción polo Sergas, debendo acompañar esta transferencia dos medios económicos e materiais necesarios, así como para incorporar á poboación reclusa ao Plan Estratéxico de Abordaxe da Hepatite C (posto que nos cárceres galegos hai centos de persoas reclusas afectadas por esta enfermidade). A finais do ano 2016, o Senado aprobaba, tamén por unanimidade, o traspaso das competencias da sanidade penitenciaria ás comunidades autónomas ou ao Sistema nacional de saúde.

A propia Lei xeral de sanidade, do 25 de abril de 1986, recolle como o seu obxectivo fundamental facer efectivo o dereito á protección da saúde e o deseño do Sistema Nacional de Saúde (SNS) como sistema que debe comprender toda estrutura da sanidade pública. Xa posteriormente, a exposición de motivos da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, fala da universalidade dos coidados médicos para toda a poboación e de que estes deben ser prestados con criterios de equidade e calidade. Finalmente, na súa Disposición adicional 6ª, esta mesma norma establece a obriga do traspaso de competencias en materia de sanidade penitenciaria, para a súa posterior integración nos respectivos servizos de saúde autonómicos.

O anterior significa que cómpre que a Administración sanitaria galega proceda á constitución da mesa mixta Comunidade Autónoma-Estado para o comezo das negociacións. A realidade é que, no centro penitenciario de A Lama, por exemplo, hai escaseza de persoal médico e, pese a abundancia de patoloxías psiquiátricas das persoas internas, a psiquiatra que está contratada visita o centro só un par de veces ao mes.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está a cumprir o Goberno galego a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/04/2019 13:50:20

Julio Torrado Quintela na data 24/04/2019 13:50:26

Noela Blanco Rodríguez na data 24/04/2019 13:50:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/04/2019 13:50:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/04/2019 13:50:43



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Hai un par de anos, 375 científicos da “Academia Nacional de Ciencias de USA” remitían unha carta aberta a aqueles que negan o cambio climático. Nesa carta definían este fenómeno como unha realidade física que ten incrementado os gases de efecto invernadoiro e mudado o clima do planeta: quecemento dos mares, a superficie terrestre e a atmosfera interior; acidificación dos océanos; aumento do nivel do mar; patróns de choiva alterados e moitos outros aspectos. E Galicia non se queda fóra dos fenómenos meteorolóxicos derivados desta evidencia científica: seca extrema, choivas torrenciais, picos de calor en pleno mes de abril, xeadas...E vai ir a máis, os resultados da análise de Meteogalicia respecto das proxeccións de temperatura máxima, para o período 2061-2090, indican con claridade unha tendencia de aumento dos valores (entre os 3°C e os 4°C, sendo algo menor, entre 2°C e 3°C no terzo norte).

Mentres, o Goberno galego foi adiando esta loita e deixando sen executar na súa totalidade partidas orzamentarias imprescindibles nesta tarefa, en concreto, a 541D (control ambiental e xestión de residuos) e a 541E (coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade). Así, a execución dos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de 2018 nestas dúas áreas superou escasamente o 80% no grao de execución orzamentaria (un 80,3 % na 541D -executados 12.621 euros de 15.714 orzamentados- e un 80,2% na 541E -executados 5.164 euros de 6.439 orzamentados). A maiores, as dúas partidas son absolutamente ridículas (22.153 euros orzamentados), se as comparamos cos 30.386 euros de 2008.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está realmente preocupado o Goberno galego pola loita contra o cambio climático?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49378
Data envío: 24/04/2019 14:09:00.222

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/04/2019 13:47:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/04/2019 13:48:04

María Luisa Pierres López na data 24/04/2019 13:48:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia ten unha *ratio* de residencias públicas e concertadas moi por baixo da media española e lonxe das cifras recomendadas pola OMS, que apuntan á necesidade de 12.000 novas prazas incluíndo as privadas. O presidente da Xunta de Galicia ten incumplido totalmente o seu compromiso de comezos de 2017 de construír unha residencia de maiores en cada unha das sete grandes cidades de Galicia, agochando así unha axenda en contra da política de atención ás persoas maiores que ocasiona prexuízos aos que están en lista de agarda, aos que optan por outra prestación e aos que acoden a residencias privadas con prezos máis altos. En 2012 prometía 2.500 prazas; en 2016 rebaixaba o compromiso a 1.000 prazas públicas e a comezos de 2017, anunciaba o Plan “Como na Casa” (con 7 novas residencias con 900 prazas nas grandes cidades, que logo quedaron reducidas a 780). De acordo co informe de fiscalización do Consello de Contas 2010-15, a Xunta de Galicia non realizou ningún plan de investimentos en centros residenciais para maiores e dependentes, polo que non houbo ningún avance para a construción dos centros.

A realidade en Galicia é que as persoas maiores e as súas familias aceptan unha prestación económica que non alcanza ao 20 % do custo dunha residencia privada e escollen esta solución antes de enfrontarse a case 2 anos de agarda entre o recoñecemento do dereito -453 días- e o tempo de agarda para o ingreso -154 días-.

A chamada “Residencia do Maior de Pontevedra” é o paradigma desta política do Goberno galego. Un edificio no céntrico barrio de Campolongo, que existe dende o ano 1993 e que, en 2008, pasou a ser tamén un centro con persoas dependentes. Á marxe das deficiencias das instalacións, a escaseza de persoal é alarmante, unido a que o Goberno galego sabe ben que a Consellería de Política Social é a máis feminizada. Necesidades básicas e mínimas requírense nos departamentos de Enfermaría, Cociña, Medicina, Fisioterapia, Psicoloxía e Terapia ocupacional.



Resulta curioso que se lembre agora a conselleira de Política Social e teña remitido unha carta ao alcalde de Pontevedra, apelando á colaboración entre institucións, para que o Concello poña a disposición da consellería terreos co fin de que a obra sexa, rapidamente, unha realidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que ten incumplido o Goberno o compromiso que o presidente da Xunta de Galicia acadou a comezos de 2017 de construír outra Residencia de Maiores, con prazas públicas, en Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/04/2019 13:45:10

María Luisa Pierres López na data 24/04/2019 13:45:16

Noela Blanco Rodríguez na data 24/04/2019 13:45:21

Julio Torrado Quintela na data 24/04/2019 13:45:26



A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No programa co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega no ano 2016 recollíase o seguinte compromiso expreso: “Asesoraremos ás pequenas empresas para implantar nelas unha dinámica e cultura orientada á innovación. A Axencia Galega de Innovación (GAIN) desenvolverá un programa orientado ás empresas pequenas que actualmente non acceden ás súas axudas, para estimular que incorporen a innovación ao seu modelo de negocio”.

En cumprimento dese mandato electoral, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN), publicou a primeiros do pasado mes de febreiro a segunda convocatoria do programa Innova Peme, que son axudas dirixidas ás microempresas e pequenas e medianas empresas galegas coa fin de apoiar o financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan o fortalecemento naquelas áreas relevantes para a sistematización e internacionalización dos seus procesos de creación de novos produtos e servicios, así como de mellora dos seus procesos, na medida que estean aliñados coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

A través desta convocatoria do programa Innova Peme tense previsto impulsar a mobilización de máis de 5 millóns de euros en actividades cuxo obxectivo sexa desenvolver ou fortalecer as capacidades de innovación das empresas galegas cun



menor tamaño. Súmase, deste xeito, ao case medio centenar de pequenas e medianas empresas apoiadas pola Xunta na anterior convocatoria, que permitiu mobilizar investimentos por un valor de 9,5 millóns de euros e a creación ou estabilización de máis de 260 postos de traballo.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o programa Innova Peme?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/04/2019 16:29:19

Maria Antón Vilasánchez na data 24/04/2019 16:29:30

Moisés Blanco Paradelo na data 24/04/2019 16:29:38

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/04/2019 16:29:46

Marta Novoa Iglesias na data 24/04/2019 16:29:53

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/04/2019 16:30:07

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/04/2019 16:30:15



A Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), vén de publicar no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de axudas á mobilidade eficiente e sostible correspondente ao programa Moves Galicia.

Con este programa búscase apoiar a adquisición de 500 vehículos eléctricos ou alternativos (gas natural ou gas licuado de petróleo) na Comunidade, así como a implantación tanto de infraestruturas de recarga, como de sistemas de préstamo de bicicletas eléctricas ou plans de transporte aos centros de traballo. Así pois, poden beneficiarse destas axudas persoas físicas, autónomos, comunidades de propietarios, persoas xurídicas e o sector público, dependendo do tipo de actuación.

Esta iniciativa, que conta cun orzamento de máis de 2,6 millóns de euros, prevé mobilizar 11 millóns de euros na comunidade, contribuíndo ademais á creación ou mantemento de arredor de 90 empregos e evitando a emisión á atmosfera máis de 1.100 toneladas de CO₂ ao ano, o equivalente á acción de 58.200 árbores.

Desde o Grupo Parlamentario Popular compartimos a conveniencia do programa á hora de impulsar un modelo de mobilidade baseada en criterios de eficiencia enerxética e sustentabilidade, no que se fomenta o uso de enerxías alternativas. Neste sentido, precisamente, cómpre recordar que a partida de 45 millóns de euros distribuídos o



pasado mes de marzo entre as comunidades e cidades autónomas foi consignada polo Goberno de Mariano Rajoy nos Orzamentos Xerais do Estado e 2018.

Sen embargo, entendemos tamén que a día de hoxe o programa resulta insuficiente debido á situación xerada polo proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética presentado polo actual Ministerio para a Transición Ecolóxica e a súa posición totalmente contraria aos vehículos de gasolina, diésel e incluso híbridos, establecendo incluso un limiar para a súa prohibición para 2040.

De feito, esta decisión do actual Goberno ten provocado a alerta dos fabricantes e comercializadores de vehículos que alertan do severo impacto deste veto sobre o emprego e a economía. Sirva como exemplo que as vendas de coches en España acumulan xa sete meses de caída, o maior período desde a crise de 2008. Isto deixa un primeiro trimestre de 2019 cunha caída do 6,9% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

De que xeito ten adaptado a Xunta de Galicia á nosa Comunidade o Plan Moves?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:38:37
Nº Rexistro: 49399
Data envío: 24/04/2019 16:38:37.695

Asinado dixitalmente por:

Marta Novoa Iglesias na data 24/04/2019 16:37:28

Maria Antón Vilasánchez na data 24/04/2019 16:37:38

Moisés Blanco Paradelo na data 24/04/2019 16:37:45

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/04/2019 16:37:52

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/04/2019 16:38:00

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/04/2019 16:38:06

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/04/2019 16:38:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG5wtUVlg1m1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector artesanal galego está medrando día a día en importancia, non só desde un punto de vista cultural e tradicional, senón tamén económico. Hoxe traballan máis de 5.000 persoas, vinculadas tanto a obradoiros, como a tendas físicas e tendas en liña, destacando o feito de que hai máis de 635 obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a artesanía é unha actividade con presente e con futuro, que contribúe a difundir a imaxe de Galicia Calidade en todo o mundo. Ademais está moi vencellada á creación de emprego e oportunidades de riqueza no conxunto do noso territorio, contando cunha especial presenza no rural.

Por iso, consideramos fundamental o apoio e promoción do sector artesán galego que a Xunta está a desenvolver, con iniciativas como a organización da terceira edición da tenda pop up *Galicia Sabores e Sabores* en Madrid, a XXIX Mostra do Encaixe de Camariñas ou a mostra de exaltación da artesanía galega que se chama 'Pensar coas mans' na Cidade da Cultura, que tiveron lugar neste mes de abril.

Para coñecer a repercusión desta e outras actuación, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal está a ser a participación e o impacto das iniciativas de Artesanía de Galicia na posta en valor e proxección internacional do sector artesanal galego?





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:43:25
Nº Rexistro: 49401
Data envío: 24/04/2019 16:43:25.382

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/04/2019 16:42:08

Maria Antón Vilasánchez na data 24/04/2019 16:42:20

Moisés Blanco Paradelo na data 24/04/2019 16:42:24

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/04/2019 16:42:29

Marta Novoa Iglesias na data 24/04/2019 16:42:35

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/04/2019 16:42:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/04/2019 16:42:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG5wtUVlg1m1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A primeiros deste ano, publicouse que a Xunta impulsaría a mobilización de 32,5 millóns de euros na innovación tecnolóxica e a mellora continua da industria forestal galega, a través de tres programas de axudas que contan cun orzamento público de máis de 11 millóns de euros, e dos que se beneficiarán arredor de 130 empresas de toda a cadea de valor e 1700 persoas, que participarán en actividades formativas e de divulgación.

Estamos ante unha industria tan tradicional na economía galega como estratéxica, como pon de manifesto o feito de que dependen dela máis de 70.000 empregos e case o 1,8% do noso PIB. Así pois, compre impulsar a modernización das 3.000 empresas que integran o sector para que poidan dar resposta aos retos de futuro, entre eles a dixitalización e o deseño, e aproveitar as oportunidades que ofrece a transición cara o modelo de bioeconomía circular.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre as axudas para a innovación e a mellora tecnolóxica das empresas galegas dedicadas á primeira e segunda transformación da madeira?





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:43:47
Nº Rexistro: 49402
Data envío: 24/04/2019 16:43:47.693

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 24/04/2019 16:41:13

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/04/2019 16:41:19

Moisés Blanco Paradelo na data 24/04/2019 16:41:27

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/04/2019 16:41:31

Marta Novoa Iglesias na data 24/04/2019 16:41:37

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/04/2019 16:41:43

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/04/2019 16:41:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG5wtUVlg1m1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Estanse a tramitar os proxectos dos parques eólicos de Bustelo, Monte Toural e Campelo que, no verán pasado, foron sometidos a información pública a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e estudo de impacto ambiental.

Están situados nos concellos de Carballo, Coristanco e Santa Comba.

Os tres parques reunirían 27 aeroxeneradores de nova xeración cunhas alturas superiores aos 150 mts nunha zona con presenza de núcleos de poboación e explotacións gandeiras.

Nalgúns casos, como nos lugares do Campelo e Mires estes aeroxeneradores situaranse a 500 mts de vivendas.

Tamén tería afeccións ambientais a espazos como a Braña Rubia-Alcaían, Monte Bustelo ou a unha especie única como é a Centaurea ultreiae e ,tamén afectaría, ao patrimonio cultural e histórico e á paisaxe pero, sobre todo, á vida das persoas pola ubicación dos aeroxeneradores.

Fronte a estes inconvenientes nunha zona poboada e con especialización gandeira e forestal vemos unha vez máis a implantación dunha actividade económica que non axudará a dinamizar a economía local.





Ante esta realidade érguese unha vez máis a oposición social ante un modelo imposto e alleo ao interese da veciñanza.

Tramítanse como tres parques diferentes cando en realidade é un, xa que comparte zona xeográfica e é a mesma empresa promotora, utilizando dita fragmentación para que ningún parque supere os 50MW.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Pensa o Goberno galego que a implantación dos parques do Cambelo, Bustelo e Monte Toural beneficiarán dalgún xeito á veciñanza destas zonas?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 25/04/2019 09:48:11

Marcos Cal Ogando na data 25/04/2019 09:48:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Todo o que ten a ver coa xestión dos helicópteros de salvamento marítimo, e a xestión do servizo por parte da Xunta nos últimos anos, non so é un despropósito se non un exemplo da deixadez e mal facer da conselleira responsable.

Recordemos que dende a Consellería do Mar, vendeuse a necesidade de enaxenar os bens que tiñamos para o salvamento aéreo co obxectivo, segundo palabras da conselleira, de acadar novos e mellores dispositivos, non so non temos mellores equipos, os equipos da empresa concesionaria son os mesmos dos que dispoñía a Xunta, se non que incrementamos os custes do servizo para ter un helicópteros que estaban obsoletos en palabras da Conselleira ala polo 2015.

Esta semana tivemos coñecemento que os profesionais da empresa Babcock denunciaban a intención da empresa de reducir drasticamente os seus salarios e, polo tanto, empeorar a calidade do servizo. Esta situación debe abordarse de forma inmediata polo Goberno para evitar un novo retroceso nas condicións do servizo que poida supoñer riscos inaceptables para un servizo como o salvamento marítimo

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:





Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar as intencións da empresa concesionaria do salvamento marítimo que pretende deteriorar as condicións laborais do servizo?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/04/2019 11:06:00

Paula Quinteiro Araújo na data 25/04/2019 11:06:08



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Son moitos os estudos que hoxe en día demostran a existencia de novas sustancias sintéticas procedentes da actividade humana nos ecosistemas mariños do país. A pesar destas evidencias soamente unha pequena parte das mesmas é obxecto de vixilancia (metais, compostos organoclorados etc.), obviando por exemplo a necesidade de analizar que outros contaminantes están afectando ao ecosistema como os microplásticos.

Un 83% do lixo que se acumula nos océanos é plástico, que aínda que puidera considerarse inerte, provoca enormes problemas de contaminación e risco para as especies mariñas, sobre todo por que os seus aditivos, especialmente os utilizados par darlles resistencia ou cor, soen ser tóxicos e poden actuar como vectores de transferencia na cadea alimentaria.

En termos da nosa economía cabe destacar como estes microplásticos afecta a disrupción endocrina dos moluscos pola actuación dos aditivos dos plásticos. Esta consideración non é menor dada a importancia biolóxica e económica dos moluscos en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:



Que accións ou protocolos, que combinen a investigación e os modelos de protección posibles ante o incremento da presenza de microplásticos nos nosos ecosistemas mariños, ten previsto realizar a Consellería ?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/04/2019 12:04:03

Paula Quinteiro Araújo na data 25/04/2019 12:04:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea** e ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Segundo os datos recollidos na memoria do 2018 do Consello Galego de Relacións Laborais, ao finalizar 2018 en Galicia había 492.003 persoas afectadas por convenios colectivos vixentes ou prorrogados de ámbito galego ou inferior, e 84.243 persoas afectadas por convenios colectivos de ámbito estatal.

Estes datos supoñen que sobre o total de traballadores do país 990.810 segundo datos de finais de xaneiro de 2019, apenas 576.000 están baixo o paraugas dun convenio colectivo en calquera das súas formas. O que supón que preto dun 42% das persoas traballadoras no país non ten convenio colectivo.

Tendo en conta o valor da negociación colectiva para os axentes sociais na defensa dun mercado laboral coherente, xusto e negociado, estas cifra semella francamente mellorable.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que valoración fai destes datos o goberno?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2019.





Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Manuel Lago Peñas
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 25/04/2019 13:42:09

José Manuel Lago Peñas na data 25/04/2019 13:42:18





A MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación do persoal de enfermaría no SERGAS.

Van tomar algún tipo de medida para solventar a precariedade dos milleiros de enfermeiras eventuais no SERGAS?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/04/2019 09:47:16





A MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, solicita se faga a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **49331**, xa que se omitiu, por error, a xustificación a urxencia.

Débese engadir o seguinte texto:

“XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia ven motivada pola celebración do vindeiro proceso de oposición no mes de maio e a insuficiencia de prazas ofertadas.”

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/04/2019 11:10:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo **trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA:

A urxencia vén motivada pola información que vimos de coñecer ao respecto do proceso de contratación das concesións do Plan de Transporte Público de Galicia.

Nunha recente comparecencia no Parlamento galego, a mediados de febreiro, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade explicaba a situación, o calendario e as perspectivas que manexaba o Goberno galego para a posta en marcha do Plan de Transporte Público de Galicia, respondendo ao interese que ten a Xunta de trasladar a esta Cámara toda a información dispoñible ao respecto da implantación dos novos servizos de transporte na Comunidade ao longo deste ano.

Vimos de coñecer agora a decisión da Administración autonómica de suspender, de xeito temporal, a contratación das concesións do transporte público co obxectivo de blindar a seguridade xurídica do procedemento e ofrecer maiores garantías xurídicas aos posibles licitadores, ante o recurso administrativo interposto polas federacións do transporte.

Desde este grupo parlamentario cremos necesario que desde o Goberno galego se traslade a esta Cámara toda a información ao respecto da situación e as circunstancias concretas que teñen motivado a suspensión, por parte da Xunta, do proceso de licitación das concesións de transporte, así como as medidas e o calendario que manexa de cara a que eses contratos empecen a funcionar a comezos de agosto, tal e como estaba previsto.

Por todo o exposto, e ante a necesidade de coñecer as circunstancias que teñen motivado a decisión adoptada por parte da Xunta, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo **trámite de Urxencia**:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 09:40:11
Nº Rexistro: 49465
Data envío: 29/04/2019 09:40:11.437

-Que motivos levaron á Administración autonómica a suspender, de forma temporal, o proceso de contratación das concesións de transporte público interurbano por estrada de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 29/04/2019 09:38:05

Jaime Castiñeira Broz na data 29/04/2019 09:38:16

Jacobo Moreira Ferro na data 29/04/2019 09:38:24

Marta Novoa Iglesias na data 29/04/2019 09:38:34

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/04/2019 09:38:48

Gonzalo Trenor López na data 29/04/2019 09:39:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/04/2019 09:39:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada porque ante os sucesivos retrasos na posta en servizo da estación intermodal da Coruña, infraestrutura esencial para a mobilidade de toda a área metropolitana, urxe coñecer a situación real dos prazos previstos polo Goberno galego para esta actuación.

Tras case unha década de retraso sobre as previsións iniciais, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e Adif acadaban en outubro de 2017 un acordo para a execución do proxecto da estación intermodal da Coruña, logo de incluírse as propostas formuladas polo Goberno municipal. A Consellería de Infraestruturas comprometíase a axilizar as actuacións necesarias conforme á normativa reguladora dos proxectos públicos de urxencia ou de interese excepcional.

Ademais dos fondos que aporta a Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Fomento e de Adif, o Goberno galego comprometíase a cofinanciar esta urxente actuación na cidade da Coruña con dez millóns de euros, oito procedentes de fondos europeos. Mais en xuño de 2018 a conselleira de Infraestruturas parece dar por perdidas as axudas europeas polo retraso no inicio das obras, ao estimar que non poderá darse comezo aos traballos ata o ano 2020.

En novembro de 2018 a Xunta de Galicia licita novamente a redacción do proxecto, incorporando os novos criterios do Goberno local da Coruña, e manifestando a Conselleira de Infraestruturas que finalmente as obras da nova estación de autobuses que se integrará na intermodal non comezarán ata finais de 2022 ou principios de 2023, estimado o custo dos traballos en torno aos 19 millóns de euros. Mentres, o ADIF está a realizar as actuacións precisas para adaptar á estación á chegada do AVE cun investimento de 45 millóns de euros.

Así, esta infraestrutura clave para a mobilidade de toda a área da Coruña suma sucesivos retrasos respecto de actuacións similares noutras cidades galegas como Santiago, Vigo ou Ourense.



Grupo Parlamentario

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que previsións reais ten actualmente o Goberno galego para a posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña?

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/04/2019 13:04:39

María Luisa Pierres López na data 29/04/2019 13:04:52





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

